



Presenta

## **“CONTOS PARA UN CALDIÑO”**



# “CONTOS PARA UN CALDIÑO”

## Sinopse

Andrea Ea Ea Ea é quen de facernos un caldo atípico, un caldo que precisa duns ingredientes moi especiais, o principal ingrediente que se precisa son orellas que escoiten, outros ingredientes que lle darán sabor a este rico caldo son os contos, contos visuais, contos de libro e contos dramatizados aderezados con bonitas cantigas.



# “CONTOS PARA UN CALDIÑO”

## Información sobre o espectáculo

“Contos para un caldiño” convida ao público a escoitar e a deixarnos levar polos contos e polos obxectos visuais que se presentan, así, un chapeu que non é un chapeu, unha ratiña que se transforma nun momento, unha nena/o do público será quen de debutar como actriz...

Entre todos construiremos un caldiño máxico con poderes especiais para converternos en máis altos, máis rápidos, e máis fortes, se así o queremos....

O espectáculo consiste en ir cociñando contos e historias para que así cheiren mellor, nos entren polo nariz e poidamos degustalas.

“Contos para un Caldiño” é un espectáculo de interior e de exterior para nenos e nenas de a partir dos 3 anos.

É un espectáculo moi participativo e ten unha duración de 45 minutos.



### Ficha Artística

|                                   |                               |
|-----------------------------------|-------------------------------|
| <b>Dirección:</b>                 | Oscar Ferreira e Andrea Bayer |
| <b>Dirección de manipulación:</b> | Oscar Ferreira                |
| <b>Contacontos e titiritera:</b>  | Andrea Bayer                  |
| <b>Música:</b>                    | Elena Paz e Xosé Liz          |
| <b>Guión:</b>                     | Andrea Bayer                  |

# HISTORIA DE BAOBAB

Andrea Bayer e Oscar Ferreira comezan a súa nova andaina en Baobab Teatro unha compañía nova que nace a mediados do 2010, tanto Oscar como Andrea teñen unha amplísima experiencia no eido do teatro infantil despois de pasar por diferentes compañías, Teatro Akatro, Pavís Pavós, Galitoon.

Andrea Bayer é coñecida no mundo teatral por ter dirixido e escrito diferentes espectáculos como **“Golulá”** (Premio ao mellor espectáculo Infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Rivadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), **Babiliglub** (Fetén 2008), **Rosalía, a pulga que escribía...**

Oscar conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques, escenografías e ten participado en diferentes espectáculos teatrais (“Que medo, que medo”, “Golulá”, “Babiliglub”...) así como programas de T.V. (Luar, Nika, Cousiñas...)

